

a prestación de servizos e/ou a realización de actividades, que realice a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia de casos de emerxencias ou catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa esta accidental ou intencionada, circunstancias sanitarias, medioambientais, tecnolóxicas de carácter excepcional ou de forza maior.

2. A persoa titular da consellaría competente na materia de facenda poderá determinar mediante unha orde a aplicación da exención establecida no número anterior cando aconteza algunha das circunstancias sinaladas, determinando o ámbito obxectivo, subxectivo, territorial e temporal, así como o alcance, os requisitos que se deberán cumprir e o procedemento para a súa aplicación. Os suxeitos pasivos que, consonte a orde, tiveren dereito á aplicación da exención e realizen o ingreso da taxa poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas. Así mesmo, non procederá o cargo en conta do importe domiciliado que, na data de efectos da orde, non fose efectuado.».

Dous. Modifícase o número 12 do artigo 23, que queda redactado do seguinte xeito:

«12. As persoas maiores de sesenta e cinco anos, as menores de idade e as persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % acreditada mediante unha declaración responsable no momento da súa expedición para a obtención da licenza de pesca continental.».

Tres. Modifícase o número 15 do artigo 23, que queda redactado do seguinte xeito:

«15. As persoas maiores de sesenta e cinco anos, as menores de idade e as persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % acreditada mediante unha declaración responsable no momento da súa expedición para a obtención da licenza de caza.».

Catro. Engádese un número 18 ao artigo 23, que queda redactado como segue:

«18. Os certificados que acrediten a condición de familia de especial consideración de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.».

Cinco. Modifícase o número 6 do artigo 30, que queda redactado da seguinte forma:

«6. Quedarán exentos da taxa do apartado 21 da tarifa 30 relacionada no anexo 2 os suxeitos pasivos que realicen actuacións suxeitas ao réxime de presentación de declaración



A-5 persoas españolas, comunitarias e estranxeiras residentes menores de 18 anos, pero cun período de validez dun mes	5,21
A-6 persoas estranxeiras, non comunitarias e non residentes, pero cun período de validez dun mes	34,49
A-7 persoas españolas, comunitarias e estranxeiras residentes maiores de 18 anos, pero cun período de validez de cinco anos	77,83
A-8 persoas españolas, comunitarias e estranxeiras residentes menores de 18 anos, pero cun período de validez de cinco anos	39,13
A-9 persoas estranxeiras, non comunitarias e non residentes, pero cun período de validez de cinco anos	258,63

Dezaioito. Modifícanse as subalíneas 03 e 04 da alínea 16 do anexo 1, que quedan redactadas como segue:

03	Matrículas de terreos cinexeticamente ordenados (tecor)	
	A tarifa determinarase multiplicando o número de hectáreas do tecor, coa exclusión deste das hectáreas que estean declaradas como vedado de caza (mínimo o 10 % do total) e como refuxio de fauna, por 0,110000 €/ha, aplicándolle as seguintes bonificacións:	
	*Superficie afectada pola vaga de incendios do verán e o outono de 2025, só sobre as hectáreas afectadas e para as tempadas de caza 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029	100 %
	*Tecor municipal	50 %
	*Tecor de carácter societario con máis de 200 socios, se se reúne algún dos seguintes requisitos:	
	– Ámbito territorial superior ás 25.000 hectáreas e/ou vedado de caza superior ao 30 % da extensión do tecor	25 %
	– Limitacións á caza por razóns de protección de especies catalogadas	25 %
	Mínimo	220,80

04	Matrículas de terreos de carácter cinexético dedicados a explotacións cinexéticas comerciais ou mixtas	
	A tarifa determinarase multiplicando o número de hectáreas da explotación polos €/ha en función do seu carácter aberto ou cercado segundo a seguinte clasificación:	
	* Grupo I. Explotacións cinexéticas sobre terreos abertos	0,110000
	* Grupo II. Explotacións cinexéticas sobre terreos cercados	0,220000
	Aplicarase una bonificación sobre a superficie afectada pola vaga de incendios do verán e do outono de 2025, só sobre as hectáreas afectadas e para as tempadas de caza 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029	100 %



2. No suposto de incumprimento dos compromisos financeiros asumidos polas entidades locais, os importes non satisfeitos consideraranse débedas vencidas, líquidas e exixibles para os efectos de compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local.

3. A consellaría competente na materia de facenda poderá limitar o gasto ou os prazos establecidos para a liquidación dos compromisos financeiros asumidos polas entidades locais derivados das actuacións previstas nestes convenios, co fin de adecuar o gasto realizado ao cumprimento das regras fiscais definidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.».

Artigo 26. *Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*

A Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, queda modificada do seguinte xeito:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 59, que queda redactado como segue:

«3. Regulamentariamente estableceranse os distintos tipos de licenzas, diferenciando se teñen por obxecto a práctica cinexética ou a utilización de medios e considerando a residencia da persoa titular e a súa idade; o seu prazo de validez, que poderá ser de cinco anos, dun ano, dun mes ou, no caso das persoas maiores de sesenta e cinco anos, indefinida; e os seus procedementos de expedición.».

Dous. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 70, que queda redactada como segue:

«a) Cazar nos períodos de vedas que se establezan na correspondente disposición xeral de períodos hábiles, así como estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas ou dos seus híbridos cuxa procedencia non poida xustificarse.».

Tres. Modifícase o número 22 do artigo 85, que queda redactado como segue:

«22. Estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas ou dos seus híbridos cuxa procedencia non poida xustificarse.».

Artigo 27. *Modificación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia*

Modifícase a letra b) do artigo 75 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, que queda redactada como segue:

